

Manifesto de Nadela.

Consideracións sobre o uso dos xenéricos no Sergas

Bernardino Pardo Teijeiro
Médico de familia. Consultorio de Nadela

Cad Aten Primaria
Año 2008
Volumen 15
Pág. 159-160

A utilización de Xenéricos na nosa área sanitaria de Lugo, similar á de outras Áreas sanitarias de Galicia, é na actualidade ridícula : 7.01 acumulada no ano 2007 segundo o informe emitido en Decembro pola Subdirección Xeral de Farmacia (Perfil de prescripción). Se o comparamos cos países produtores e investigadores de fármacos como Alemaña cun 41%, Reino Unido cun 49% e EEUU cun 63%, entendemos que o custo-beneficio da nosa prescripción non soporta á máis mínima das análises. A viabilidade do noso sistema sanitario está en xogo.

Tomando datos do mesmo informe da Subdirección de Farmacia, dísenos ós médicos que se receiptáramos xenéricos no canto das marcas aforrariamos 3,531.229,50 € no ano 2007 só na Área Centro de Lugo. Non coñezo os datos exactos das outras áreas sanitarias pero considerando que a poboación atendida na nosa é de 241.504 habitantes e a total das outras Áreas de Galiza 2,770.924 segundo datos do propio SERGAS, por unha elemental regra de tres o aforro por uso de xenéricos podería ter sido de 40,515.968,97 € en toda Galiza.

¿Como é posible deixar semellante estrago de recursos nas mans dos médicos sen que os responsábeis de administrar os recursos que a poboación pon á súa disposición, administradores e en derradeiro lugar políticos, interveñan para corrixir tal desaguisado?.

Máis aínda cando xa existiron plans de incentivación para o uso de xenéricos por parte do SERGAS cun resultado nefasto: non conseguiron aumentar o uso dos xenéricos entre os profesionais e ós que sí o faciamos se nos escatimou sistematicamente o pago de tal incentivo.

Penso que unha incentivación individual non é efectiva. En absoluto este estímulo poderá loitar contra o abuso dalgún sector dos profesionais sanitarios na súa relación coas empresas farmacéuticas, por moi importante que sexa este incentivo en nada se aproximará a unha boa viaxe a calquera Congreso fóra das nosas fronteiras. Polo tanto só se poderá conseguir xuntar vontades se existe unha incenti-

vación colectiva acordada cos profesionais, as forzas sociais e a poboación despois dun esforzo de divulgación e entendemento encabezado pola Administración. E esa incentivación será o acordo expreso que todo o aforrado coas medidas de racionalidade na nosa prescripción sexa integramente reinvestido na mellora do Sistema Sanitario público.

Indo máis aló da mera estimulación dos profesionais por parte da Administración para que receipten co mellor dos custos-beneficios para a poboación atendida, non é entendible que os responsábeis da administración dos recursos non interveñan de xeito inmediato neste asunto meramente económico: eu que "pago" póñoille o nome ó que merco. O aforro pode ser inmediato, a partir de mañá mesmo, se tomo a decisión política de

- 1.- o SERGAS só paga ata prezo de xenérico, quen quera "marca" que a pague do seu bolsillo, ou
- 2.- o SERGAS deixa de pagar a diferenza abusiva dalgúns medicamentos sobre o prezo dos xenéricos, ou
- 3.- e isto é a máis efectiva de todas, dentro do territorio SERGAS, os profesionais que traballan só falan en termos de principio activo, ben sexa en Atención primaria ou Especializada, especialmente en Hospitais, só se permitiría receiptar utilizando calquera dos principios activos da farmacopea.

O efecto sería inmediato, aforrariamos neste ano 2008 polo menos 45 millóns de € o que permitiría entre outras cousas dotar ó Hospital de Lugo que está a punto de rematar.

Imaxino que as voces en contra desta medida se orquestrarían inmediatamente:

- 1.- Atácase á libre receiptación do médico.- Mentira, a sagrada "liberdade" de prescripción non se conculcaría posto que calquera principio activo estaría a disposición do médico e dos seus pacientes, sendo un segundo paso a vixianza do correcto uso deses

principios activos ben con protocolos ou con comisións para seguimento do uso racional dos medicamentos.

- 2.- Vaise en contra do libre mercado.- Todo o contrario, é esa liberdade de mercado quen me permite escoller o meu subministrador, o que me ofrezca o produto de calidade ó mellor dos prezos.
- 3.- As multinacionais do medicamento van abandonar o noso país.- Nunca vin a un comerciante deixar a praza onde se está vendendo e mercando a moi bo ritmo. É máis, como vimos ó primeiro a pesar do alto uso dos xenéricos ningunha delas abandonou Alemaña, Reino Unido nin EEUU posto que elas mesmas son daló. Non se abandona un substancioso mercado onde vender os nosos produtos.
- 4.- Atácase ós intereses de oficinas de farmacia, industria farmacéutica, etc. Tampouco é certo, a viabilidade do sistema pasa por unha racionalización do gasto en produtos farmacéuticos. O

gasto en Atención Primaria en Farmacia supón o 61% do presuposto e se este non é racional o futuro non é posible nin para o Sistema Sanitario nin para os seus provedores.

- 5.- Estase dando un produto de baixa calidade.- Memez, non necesita comentarios.

É por todo o dito que a responsabilidade das nosas autoridades sanitarias actuais pasa por tomar unha decisión politicamente incorrecta e inmediata que determine un aforro no gasto dos produtos de farmacia, especialmente medicamentos, que nos permitan afrontar a crise económica que parece vírsenos enriba, e garantir a viabilidade futura do Sistema Sanitario público, unha das bases fundamentais do estado de benestar do noso país.

Nadela, 29 de abril de 2008.